

MARZO 2019
DESEXOS: VIAXES DE IDA E VOLTA

MARZO **PORTO**
04 **(O PORTO) de GABE KLINGER**
OLLO!! ás 21h **PORTUGAL/FRANCIA/POLONIA/USA 2016; 76' V.O.S.C.**

MARZO **JEUNE FEMME**
11 **(BENVIDA A MONTPARNASSE) de LÉONOR SERRAILLE**
FRANCIA/BÉLXICA 2017; 97' V.O.S.C.

MARZO **I AM NOT A WITCH**
18 **(NON SON UNHA BRUXA) de RUNGANO NYONI**
ZAMBIA/ALEMAÑA/FRANCIA/R.U. 2017; 90' V.O.S.C.

MARZO **FILME SORPRESA**
25

AUDITORIO MUNICIPAL DE VIGO: PRAZA DO REI
ÁS 20:30 HORAS
Colaboran:
CONCELLO DE VIGO E FEDERACIÓN DE GALICIA DE CINECLUBS

DESEXOS: VIAXES DE IDA E VOLTA

As personaxes destes filmes representan viaxes de submisión e resistencia cheas de simbolismos e metáforas. Desexos, complicidades sentimentais para contrarrestar, en parte, o baleiro e a desolación das circunstancias: desorde, perdas de rumbo e as arritmias dos temperamentos. Caracteres difíciles e imaxes poderosas complementadas con montaxes máis contemplativas e un humor mesturado de acidez e neurose que permite afrontar a inestabilidade da viaxe con certo optimismo.

PORTO, título que fai homenaxe á cidade onde foi rodada o filme que é tamén, unha personaxe máis deste relato minimalista, contado en tres partes, sobre a fugacidade amorosa e sobre ese momento ao que sempre soñamos volver.

BENVIDA A MONTPARNASSE, a directora ollá á protagonista con delicada perspicacia no seu retrato dunha muller parisiense, desbordante de enerxía, determinada a non baixar a garda xamais fronte a ningunha esixencia ou vontade que non sexa estritamente a súa.

NON SON UNHA BRUXA, retrato da infancia en perigo, explotada e violentada. Inspirada na realidade: estes “campos de meigas” existen en varios lugares de África, e a directora estivo nun en Ghana para investigar cando preparaba esta rodaxe.

MARZO

04

Luns OLLO!! ás 21h

PORTO

(O PORTO) de GABE KLINGER

PORTUGAL/FRANCIA/POLONIA/USA 2016; 76' V.O.S.C.

Ficha técnica

|||||

Dirección: Gabe Klinger

Guión: Larry Gross e

Gabe Klinger

Música: Emahoy Tsegué e

Maryam Guèbrou

Fotografía: Wyatt Garfield

Ficha artística

Anton Yelchin

Lucie Lucas

Paulo Calatré

Chantal Akerman

MELLOR DIRECCIÓN NO FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE INDEPENDENTE DE BOS AIRES 2017

MELLOR GUIÓN NO MONS INTERNATIONAL FESTIVAL OF LOVE FILMS 2017

MELLOR DIRECCIÓN NOS PREMIOS CINEUPHORIA 2018

SINOPSE

Dous estraños na cidade portuguesa do Porto, breve encontro que deu paso a un amor efémero do que aínda quedan cinzas e recordo.

É tamén, unha declaración de amor ao celuloide, o cineasta combina os formatos e as texturas que proporcionan o súper 8, os 16 mm e os 35mm.

GABE KLINGER

Director, guionista, produtor, comisario e montador nado en 1982 en São Paulo, Brasil. Profesor de estudos fílmicos na Universidade de Illinois e no Columbia College. Debuta como realizador co seu aclamado documental *Double Play: James Benning and Richard Linklater* (2013), co que acadou o León de Ouro o Mellor Documental.

Este é o seu primeiro filme de ficción e o seu último traballo.

MARZO

11

Luns ás 20:30h

JEUNE FEMME

**(BENVIDA A MONTPARNASSE) de LÉONOR SERRAILL
FRANCIA/BÉLXICA 2017; 97' V.O.S.C.**

Ficha técnica

|||||

Dirección: Léonor Serraille

Guión: Clémence Carré, Bastien Daret e

Léonor Serraille

Música: Julie Roué

Fotografía: Émilie Noblet

Ficha artística

|||||

Laetitia Dosch

Souleymane Seye Ndiaye

Grégoire Monsaingeon

Jean-Christophe Folly

2017: FESTIVAL DE CANNES: CÁMARA DE OURO - MELLOR ÓPERA PRIMA

2017: FESTIVAL DE VALLADOLID - SEMINCI: MEJOR ACTRIZ -EX AEQUO- (LAETITIA DOSCH)

MENCIÓN ESPECIAL Á DIRECTORA NO ZAGREB FILM FESTIVAL 2017

PREMIO XANELA AO MELLOR FILME NO RECIFE INTERNATIONAL FILM FESTIVAL 2017

PREMIO D'ORNANO-VALENTI, Á DIRECTORA NO DEAUVILLE FILM FESTIVAL 2017

PREMIO DO XURADO AO MELLOR FILME NO CHAMPS-ÉLYSÉES FILM FESTIVAL 2017

PREMIO Á MELLOR ACTRIZ REVELACIÓN, LAETITIA DOSCH, PREMIO DO XURADO MOZO Á DIRECTORA NO BRATISLAVA INTERNATIONAL FILM FESTIVAL 2017

CABALO DE BRONCE AO MELLOR FILME NO STOCKHOLM FILM FESTIVAL 2017

PREMIO Á MELLOR ACTRIZ NOVEL, LAETITIA DOSCH, NOS PREMIOS LUMIERE, FRANCE 2018

PREMIO Á MELLOR ACTRIZ REVELACIÓN, LAETITIA DOSCH, DO CLUB MÉDIA CINÉ 2018

SINOPSE

Tras dez anos, remata de xeito fulminante unha relación de parella. Soa, confundida, e cunha vaga de sentimentos encontrados, descubrirá París dende outra perspectiva. Sen un futuro claro, vivirá dun xeito que nunca pensara.

LÉONOR SERRAILL

Directora e guionista.

Tras estudar Literatura en Lyon, París e Barcelona, marcha a París a estudar cine en *La Femis*, onde se gradúa en guión no 2009.

Iníciase profesionalmente coas curtametraxes, *Rivages* (2011) e *Tenir la nuit* (2013)

Con este filme debuta na longametraxe, é tamén, o seu último traballo.

MARZO

I AM NOT A WITCH

18
Luns ás 20:30h

(NON SON UNHA BRUXA) de RUNGANO NYONI
ZAMBIA/ALEMAÑA/FRANCIA/R.U. 2017; 90' V.O.S.C.

Ficha técnica

|||||

Dirección e guión: Rungano Nyoni

Música: Matthew James Kelly

Fotografía: David Gallego

Ficha artística

|||||

Maggie Mulubwa

Gloria Huwiler

Travers Merrill

Chileshe Kalimamukwento

PREMIO Á MELLOR DIRECCIÓN NOVEL NO STOCKHOLM FILM FESTIVAL 2017
MENCIÓN ESPECIAL Á DIRECTORA NO MUMBAI FILM FESTIVAL 2017
PREMIO Á MELLOR DIRECCIÓN NO BRITISH INDEPENDENT FILM AWARDS 2017
PREMIO AO MELLOR FILME NO AFRICA INTERNATIONAL FILM FESTIVAL (AFRIFF) 2017
PREMIO AO MELLOR FILME NO ADELAIDE FILM FESTIVAL 2017
PREMIO Á MELLOR DIRECCIÓN E PRODUCCIÓN NOVEL NOS PREMIOS BAFTA 2018
PREMIO AO MELLOR FILME NO SARASOTA FILM FESTIVAL 2018
PREMIO DO XURADO AO MELLOR FILME NO OAK CLIFF FILM FESTIVAL 2018
PREMIO Á DIRECTORA NO CYPRUS FILM DAYS INTERNATIONAL FESTIVAL 2018
PREMIO Á MELLOR DIRECCIÓN NO EVENING STANDARD BRITISH FILM AWARDS 2018
PREMIO *ROMPENDO ONDAS*, Á MELLOR DIRECCIÓN NO TITANIC INTERNATIONAL FILM FESTIVAL 2018
PREMIO DO XURADO AO MELLOR FILME, NO VUES D'AFRIQUE FILM FESTIVAL 2018

SINOPSE

Tras un incidente na vila onde vive, Shula, con nove anos, é acusada de bruxería e desterrada a un "campo de bruxas", onde lle din que de intentar escapar se converterá nunha cabra branca. Terá que decidir se acepta o seu destino ou se arrisca na busca da liberdade.

RUNGANO NYONI

Directora, guionista, produtora, actriz e montadora nada en Lusaka, Zambia no 1982. Aínda que foi criada en Gales, para o seu debut elixe esta historia de obediencia e sometemento coaccionado, e amosa a opresión sufrida polas mulleres no seu país natal. Ela mesma pasou máis dun mes nun campamento como os que amosa no filme en Ghana para documentar un guión que combina a denuncia social e a sátira. Este filme foi o primeiro zambiano en se presentar no Festival de Cannes, en 2017; dende aquela, segue obtendo éxitos. Algunhas das súas curtametraxes: *20 Questions*, *The List* (2009), *Mwansa o Grande* (2011), *Nordic Factory*, *Kuuntele* (2014). Este é o seu último traballo.

MARZO
25

FILME SORPRESA

Luns ás 20:30h

Filmes de rigorosa estrea que están a formar parte da programación dos mellores festivais de cine do mundo. Se unha vez iniciada a proxección alguén decide saír, poderá facelo durante os primeiros 15 minutos e devolveráselle o importe da cota pagada.

COLABORACIÓNS

* Na nosa colaboración coa Alianza Francesa, o filme deste mes é *Primaire* de Hélène Angel (2017). A proxección será o vindeiro **xoves 21** de marzo, ás 20:30h, no Auditorio Municipal de Vigo. A entrada é de balde até completar aforamento.

* Grazas ao acordo coa libraría LIBROURO (rúa Eduardo Iglesias, n.º 12), todas as persoas asociadas terán un desconto do 5% nas compras logo da presentación do carné.

* Todas as persoas asociadas que dispoñan de correo electrónico poderán solicitar o envío da programación.

* Non se permitirá o acceso ao auditorio unha vez comezada a proxección.

* O uso do teléfono móbil na sala co filme iniciado será motivo de expulsión da mesma sen reintegro dos cartos da cota pagada.

CINECLUBE LUMIÈRE
DE VIGO

Rúa Doutor Cadaval 33, 4.º A - 36202 Vigo -

<http://www.lumierevigo.com>

info@lumierevigo.com

PREZOS

Cota anual soci@:	18 euros
Cota filme soci@:	4 euros
Bono Lumière 5 filmes:	15 euros (só soci@s)
Cota filme colaborador@:	5 euros
PARAD@S, con carné:	4 euros